



## O CHUVI RECIBIU AO ALUMNADO DE TÉCNICOS DE CIDADOS AUXILIARES DE ENFERMARÍA

- **23 estudantes deste grao inician hoxe o seu módulo de Formación en Centros de Traballo (FCT) nos hospitais Álvaro Cunqueiro e Meixoeiro**

**Vigo, 15 de xaneiro de 2024.** Un total de 23 alumnas/os do ciclo de grao medio de Técnico en Cuidados Auxiliares de Enfermaría (TCAE) comezaron o seu período de formación no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo. Trátase do segundo grupo de estudantes, xa que ao longo do ano o Chuvi acolle a 80 destes técnicos para completar a súa formación.

Este alumnado de TCAE, que cursa o ciclo formativo en distintos centros educativos de Vigo, completará a súa formación nos hospitais Álvaro Cunqueiro e Meixoeiro, realizando este módulo de FCT imprescindible para acadar as competencias profesionais propias da titulación TCAE.

A supervisora de Calidade e Docencia da Área Sanitaria de Vigo, Inmaculada Pardo, xunto coa Coordinadora de docencia TCAE, Modesta Riobó, foron as encargadas de darlles a benvida oficial, nun acto no que se lles facilitou toda a información e normas para o desenvolvemento desta formación.



En toda a Área Sanitaria as/os profesionais, neste caso TCAEs, exercen unha importante labor docente, xa que titorizan a este alumnado durante a súa estancia nos hospitais.

Unha titorización imprescindible para que o alumnado poida integrar na súa práctica os coñecementos teóricos adquiridos no centro educativo, así como tamén actitudes e valores para acadar as competencias profesionais necesarias que o habiliten para prestar unha atención sanitaria adecuada ás demandas actuais da poboación.